

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (SEDE PROVINCIAL DE OURENSE), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE APOIO E ACOMPAÑAMENTO E ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE, NO HOSPITAL PÚBLICO DE VALDEORRAS E NO HOSPITAL PÚBLICO DE VERÍN (ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS)

En Ourense, na data do 30 de xaneiro de 2026.

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola lei 11/1988, de 20 de outubro e pola lei 12/2007, de 27 de xullo de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024 do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e no establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Germán Rodríguez-Sáa López con actuando en nome e representación da sede provincial de Ourense da Asociación Española Contra o Cancro (en adiante AECC), en virtude das facultades que lle son conferidas como Presidenta daquela, nos Estatutos que regulan a organización e funcionamento da AECC, con C.I.F. G-28197564 e con domicilio a efectos deste convenio, na rúa Doctor Maraño, 21-baixo, 32005 (Ourense).

As partes intervinientes, que se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimación para asinar o presente convenio:



EXPOÑEN

Primeiro.- Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen fin de lucro. Fundada en 1953 e declarada de "utilidade pública" en 1970, cuxo fin principal e loitar contra o cancro en tódalas posibles modalidades coñecidas, ou que no futuro se coñezan, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, de prevención, de investigación, de información e de carácter sanitario ou asistencial.

Segundo.- Que o Servizo Galego de Saúde, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, recoñecen o importante papel da AECC. Por elo, sendo consciente da necesidade de promover e coordinar actividades dende postulados flexibles que permitan unas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción, en campos como a saúde, están interesados en colaborar coa AECC.

Terceiro.- Que a xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, incorpora entre os seus obxectivos o fomento do voluntariado, a través de programas de colaboración con entidades e asociación do eido sanitario.

Cuarto.- Que co propósito de instrumentar una acción coordinada en tódolos campos de actuación en materia oncolóxica, ambas partes, de mutuo acordo deciden subscribir o presente convenio de colaboración.

De conformidade co anteriormente exposto e seguindo este amplo sentido de colaboración, as entidades comparecentes deciden cooperar nas actividades que actualmente desenvolven, recoñecéndose a representación que ostentan e acordando formalizar o presente convenio de colaboración, con arranxo as seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é que o Servizo Galego de Saúde, poña a disposición da AECC, tanto no Hospitalario Universitario de Ourense como no Hospital Público de Valdeorras e no Hospital Público de Verín, os recursos necesarios para poder nestes centros desenvolver os programas denominados "Apoio e Acompañamento" e "As Actividades de Voluntariado".

Segunda. Actividades.

Os programas teñen por obxectivo facilitar de maneira inmediata a obtención da información necesaria, dos recursos existentes para a atención psicolóxica, social, informativa puntual e/ou específica aos pacientes e as pacientes recentemente diagnosticados de cancro e os seus familiares, en relación a situación da súa enfermidade:


- ▮ Identificando as necesidades do enfermo/a e/ou familiar rapidamente unha vez diagnosticado.
- ▮ Avaliando o grao de malestar que presentan as persoas enfermas e os seus familiares tras recibir o diagnóstico.
- ▮ Favorecendo o acceso aos diversos servizos que sexan mais axeitados e que se axusten as súas necesidades

Estas accións desenvolveranse para que o persoal da AECC poida prestar as súas funcións de Luns a Venres de 09:30 a 14:30 horas.

Terceira. Obrigas do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde a través da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, comprométese a :

- Facilitar o acceso e permanencia no centro sanitario dos membros da AECC participantes nas actividades, para que poidan desenvolver adecuadamente as mesmas.



- Organizar os espazos e actividades de xeito que non interfiran na actividade habitual do centro.
- Habilitar un espazo para a realización das actividades dirixidas aos pacientes oncolóxicos e os seus familiares para que a AECC desenvolva as súas funcións.
- Facilitar a información e os medios necesarios aos seus facultativos para que o máximo de persoas enfermas oncolóxicas poidan ter acceso aos servizo de asistencia do persoal da AECC, propiciando a coordinación efectiva no ámbito hospitalario.

Cuarta. Obrigas da AECC

A AECC, para o desenvolvemento do "Programa de Apoio e Acompañamento" aos pacientes e ás pacientes diagnosticados de cancro e aos seus familiares, contará con persoal propio cualificado que realizará ás súas funcións no Hospital Universitario de Ourense, no Hospital Público de Valdeorras e no Hospital Público de Verín, prestándolles asistencia cando así o requiran e/ou soliciten. As funcións a desenvolver polo dito persoal, non limitativas senón enunciativas, son:

- 1 Identificar, de forma rápida a demanda dos pacientes e das pacientes e dos seus familiares, mediante un sistema estandarizado de clasificación das necesidades detectadas.
- 2 Asegurar a priorización en función das necesidades psicolóxicas, sociais, informativas, etc., do/da paciente e/ou familiar.
- 3 Determinar o servizo ou programa mais axeitado para cada caso.
- 4 Informar, aos pacientes, ás pacientes e os seus familiares sobre os recursos existentes a súa disposición, tantos propios do Hospital Universitario de Ourense, do Hospital Público de Valdeorras e do Hospital Público de Verín, como externos e favorecer o acceso rápido aos mesmos.

Dende o punto de vista funcional, a AECC desenvolverá os seus programas con autonomía e en coordinación cos Servizos do Hospital Universitario de Ourense, do Hospital Público de Valdeorras e do Hospital Público de Verín, que se poidan relacionar:



servizo de oncoloxía, servizo de psicooncoloxía, orientación social, enfermería de enlace, etc.

A intervención de apoio e acompañamento terá unha duración dunha ou dúas sesións máximo para derivar **aos/ás pacientes**, en caso necesario, a outros servizos do Hospital Universitario de Ourense, do Hospital Público de Valdeorras e do Hospital Público de Verín, da AECC ou a servizos externos. Procederáse en función do nivel de distrés (leve, moderado, severo) e as necesidades **daqueles/as** (información psicolóxica, información xeral médica, emocional e/ou social).

A AECC tamén realizará as "actividades de voluntariado". As principais funcións a desenvolver polo persoal voluntario para a consecución do obxectivo son:

- 1 Acompañamento a pacientes de oncoloxía e os seus familiares cando as súas condicións o faciliten e non exista impedimento por parte das persoas afectadas.
- 2 Suplencia ocasional da persoa cuidadora principal para facilitar o seu descanso físico e emocional.
- 3 Apoio emocional a pacientes de oncoloxía e aos seus familiares para facilitar a expresión das emocións asociadas co diagnóstico e o proceso da enfermidade.
- 4 Actividades de animación e entretemento para facilitar a estancia da persoa enferma no hospital e a distracción con actividades de ocio.
- 5 Apoio ao persoal sanitario mediante tarefas complementarias as dos profesionais, sen interferir nestas últimas nin realizar tarefas correspondentes aos profesionais.
- 6 Guía hospitalaria e apoio na realización de xestións.
- 7 Comunicación á coordinadora de voluntariado da asociación no hospital dos casos que presentan situacións e necesidades que requiran a intervención de persoal especializado, para a súa derivación ao profesional ou a profesional correspondente.

A AECC, así mesmo, obrígase a:

- 1 Poñer en coñecemento da Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, calquera acto dun terceiro do que teña noticia, que sexa capaz de causar danos nos espazos habilitados para a realización das actividades.



- 2 Informar por escrito, sempre que sexa necesario ou *sex* requirida ao efecto, das deficiencias e deterioros que presenten nos espazos habilitados.
- 3 Responder fronte a Xerencia da área sanitaria de Ourense Verín e o Barco de Valdeorras e fronte a terceiros de tódolos danos que poidan derivarse directa ou indirectamente nos recursos postos á súa disposición coa **póliza de seguro de responsabilidade civil e de accidentes** pertinente, que a AECC manterá en vigor mentres o convenio estea vixente. Exímese ao Servizo Galego de Saúde e a Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras de calquera responsabilidade ao respecto.


A asociación respondera subsidiariamente co seu patrimonio, fronte a todo risco excluído das coberturas da póliza de responsabilidade civil ou no seguro de accidentes subscritos. Así mesmo, deberá facer fronte a calquera posible indemnización polos danos e prexuízos ocasionados no exercicio da súa actividade nas instalacións do Servizo Galego de Saúde, que supere o límite do capital asegurado establecidos nas pólizas de responsabilidade civil e no seguro de accidentes.

- 4 Cumprir e facer cumprir as disposicións legais vixentes sobre prevención de riscos laborais, así como a normativa interna do Hospital Universitario de Ourense, do Hospital Público de Valdeorras e do Hospital Público de Verín, acerca das condicións de seguridade.
- 5 Custodiar e vixiar os bens mobles de titularidade da xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras que utilice a AECC.

As actuacións que leven a cabo os/as profesionais da AECC en ningún caso afectarán ao normal funcionamento dos centros e servizos do Servizo Galego de Saúde, nin interferirán nos circuitos asistenciais neles instaurados.

Quinta. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016,



relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento deste convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento destes datos persoais é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

As persoas asinantes manifestan o seu consentimento para que poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto aqueles datos persoais, de entre os recollidos neste deste convenio, e mailo resto de especificacións nel contidas, que poidan resultar necesarios para o cumprimento da lexislación vixente en materia de información pública.

Respecto dos datos persoais sobre os que cada unha das partes ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante estas o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.



2. Deber de confidencialidade

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- A utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- A non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- A facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes

Sexta. Relacións Laborais.

A subscrición do presente convenio non comporta relación contractual algunha ou de calquera outro tipo entre o Servizo Galego de Saúde e as persoas ou profesionais que realicen as actividades da AECC nas instalacións do Hospital Universitario de Ourense, do Hospital Público de Valdeorras e do Hospital Público de Verín e que constitúan obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, por calquera incidencia acaecida no seu desenvolvemento.

A xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras non asumirá os contratos de traballo que poida concertar a AECC para o cumprimento dos seus fins.



A subscripción do presente convenio non da dereito a AECC ao emprego, uso ou acceso, de xeito directo ou indirecto, de calquera dos sistemas de información sanitaria do Servizo Galego de Saúde, con especial referencia á historia clínica dos pacientes.

O persoal que participe no desenvolvemento do presente convenio seguirá baixo a dirección e dependencia da AECC, sen que en modo algún tal relación se modifique en virtude do presente convenio.

É responsabilidade da AECC:

-Cumprir e facer cumprir as disposicións legais vixentes sobre prevención de riscos laborais así como a normativa interna do Hospital acerca das condicións de seguridade.

-Cumprir e facer cumprir as disposicións legais e regulamentarias en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios na contratación ou prestación directa de servizos da natureza sanitaria que estean sometidos ao réxime autorizador de funcionamento.

-Cumprir e facer cumprir o segredo profesional e garantir a confidencialidade en relación aos datos persoais do paciente, con especial referencia á categoría especial de datos de saúde, co fin de dar cumprimento ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

Sétima. Comisión mixta paritaria

Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde, unha das cales presidirá as reunións da Comisión e terá voto de calidade en caso de empate.
- Dous representantes da AECC.

A comisión terá, sen prexuízo do establecido no artigo 49 .f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público respecto das funcións do órgano de vixilancia e control as seguintes funcións:



- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades programadas.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio de colaboración.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. O incumprimento por calquera das partes das cláusulas do presente convenio poderá dar lugar á denuncia deste.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a persoa titular da presidencia do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava. Financiamento

O presente convenio non leva compromiso de gasto para o Servizo Galego de Saúde, e por isto, non se precisa consignación orzamentaria.

Novena. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia inicial dun ano.

As partes poderán acordar a prórroga do presente convenio por un anos máis, de conformidade co sinalado no artigo 49.h.2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no artigo 37.2 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia, formalizada por escrito con carácter previo ao seu remate.

Décima. Causas de resolución

Son causa de resolución deste convenio ademais das establecidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Así mesmo a posta a disposición dos recursos necesarios (salas



cedidas), para o desenvolvemento pola AECC dos seus programas, extinguírase polas seguintes causas:

- A falta de uso dos espazos habilitados os días que están fixado, durante un período de seis semanas, salvo que obedecera a motivos xustificados. Corresponderá á Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras (Hospital Universitario de Ourense, Hospital Público de Valdeorras e Hospital Público de Verín), a valoración, en cada caso concreto, das causas alegadas pola AECC para xustificar a falta de utilización.
- O incumprimento das obrigacións que a AECC asume en virtude do presente convenio.
- A necesidade de utilización por parte da Xerencia da área sanitaria de Ourense Verín e O Barco de Valdeorras (Hospital Universitario de Ourense, o Hospital Público de Valdeorras e o Hospital Público de Verín), por exemplo, dos espazos habilitados durante o horario indicado na cláusula segunda. Neste caso procederase a resolución do convenio, sen que corresponda indemnización algunha á AECC e con inmediato abandono por parte desta das instalacións. Para tal efecto, a xerencia avisará cun mes de antelación para que neste prazo, a AECC, deixe de utilizalas.
- O Mutuo acordo das partes.

Décimo primeira. Modificación do Convenio.


O presente convenio poderá modificarse por acordo das partes, mediante a subscripción da correspondente addenda e seguindo os trámites preceptivos establecidos no artigo 50 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo segunda. Reversión e acta de entrega

Á extinción por calquera causa das indicadas, producirá a reversión á Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras (Hospital Universitario de Ourense, Hospital Público de Valdeorras e ao Hospital Público de Verín) dos recursos postos a disposición da AECC.

A AECC poderá retirar os bens da súa propiedade que se encontren nos lugares que estaban a utilizar.

Finalizada a utilización dos recursos postos a disposición da AECC, levantarase polo persoal da Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras a correspondente



acta de entrega en presenza da persoa, debidamente apoderada, que ostente a representación da AECC, describindo o estado xeral daquelas e, no seu caso, especificando os danos e prexuízos de calquera clase a efectos da súa reparación ou indemnización posterior a cargo da AECC, sempre que aqueles fosen imputables ao incumprimento das obrigas establecidas neste Convenio.

Décimo terceira. Natureza do convenio e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerese polas estipulacións nel contidas. Asemade, de conformidade co artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, este convenio rexerese polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo cuarta. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calesquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos términos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia




E, en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por cuadruplicado e a un só efecto, no lugar e data indicada no encabezamento.

O Presidenta do Servizo Galego de Saúde (P.D. de data 12 de xaneiro de 2026) Xerente da Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.



Asdo. Camba Bouzas, José Santiago

O Presidenta da Asociación Española Contra o Cancro. Sede Provincial Ourense



Asdo. Germán Rodríguez-Sáa López

